

NORMATIVA DE PRÁCTICAS EXTERNAS DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Artigo 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

A finalidade das prácticas externas é a adquisición de experiencia laboral e formación práctica para que aumenten as oportunidades de integración do alumnado no mercado de traballo ao terminar os estudos universitarios. Coas prácticas pódese coñecer, dende dentro, o día a día dunha empresa, dun centro de investigación ou da administración local, autonómica ou do Estado.

A presente normativa será aplicable á realización de prácticas externas en entidades colaboradoras, tanto para os estudos de Grao como de Másters Oficiais adscritos a Escola Politécnica Superior de Lugo.

Artigo 2: FUNCIONS, DEREITOS E DEBERES DOS PARTICIPANTES NAS PRÁCTICAS EXTERNAS

Neste capítulo descríbense as persoas, cargos e comisións implicadas na realización das prácticas externas, e as súas funcións, dereitos e deberes.

1. O coordinador de prácticas da EPS.

A persoa coordinadora das prácticas será nomeada polo director ou directora da EPS de entre os membros do equipo de dirección.

2. Funcións do Coordinador de prácticas.

As funcións do/a coordinador/a serán:

a) Incentivar a participación das entidades colaboradoras e do estudiantado no programa.

b) Participar na asignación de titores e titoras e coordinar o seguimento e avaliación das prácticas, dende o punto de vista académico.

c) Contactar coas entidades colaboradoras e solicitar titores/as para o alumnado.

d) Facer chegar ás distintas comisións de título a documentación presentada polo alumnado no momento da solicitude de prácticas.

e) Asinar as actas de prácticas externas conforme aos criterios de avaliación que se fixen e aos procedementos establecidos.

f) Servir de interlocutor ante a dirección do Centro para garantir o bo desenvolvemento das prácticas.

3. Comisións de Título.

As distintas Comisións de Título terán unha parte moi activa no proceso de selección da titorización académica e das entidades colaboradoras, garantindo nas súas decisións a idoneidade entre os estudos que estean a cursar o estudantado solicitante de prácticas e as empresas ou institucións demandadas.

4. Funcións das Comisións de Título.

As funcións das Comisións de Título serán:

a) Asignar a cada un dos alumnos/as solicitantes de prácticas un titor/a académico e unha entidade colaboradora onde se desenvolverá a actividade.

b) Achegarán ao coordinador/a de prácticas da Escola Politécnica Superior os listados coas propostas de asignación da entidade colaboradora e titores para facelas públicas ao remate do proceso de selección.

c) Atenderán e resolverán as posibles reclamacións, queixas e alegacións que presente o alumnado referentes ao proceso de selección.

5. Unidade de apoio á xestión de centros e departamentos.

As persoas responsables da unidade de apoio á xestión de centros e departamentos teñen a misión de apoiar o proceso de prácticas externas en todos os aspectos administrativos relativos o centro.

6. O titor académico.

Para a realización das prácticas externas o estudantado contará cun titor ou titora académica.

A persoa que exerza a función de titor académico será membro do profesorado da EPS, con docencia e/ou traballos de investigación afíns as ensinanzas ás que se vencella a práctica.

Non poderá recaer na mesma persoa as funcións de titoría académica e titoría da empresa ou institución.

7. Dereitos do titor académico.

- a) O recoñecemento efectivo da súa actividade académica nos termos que estableza a universidade, de acordo coa súa normativa interna.
- b) A ser informado acerca da normativa que regula as prácticas externas así como das condicións baixo as que se desenvolverá a estancia do/da estudante a tutelar.
- c) Ter acceso á entidade colaboradora para o cumprimento dos fins propios da súa función

8. Deberes do titor académico.

- a) Acordar coa titorización da entidade colaboradora os traballos que o alumnado efectuará durante o proceso formativo de prácticas así como aquelas posibles modificacións e incidencias que se poidan dar durante o desenvolvemento das prácticas.
- b) Velar polo normal desenvolvemento das prácticas, garantindo a compatibilidade do horario de realización das prácticas coas obrigas académicas do estudiantado en prácticas.
- c) Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose para iso coa titorización da entidade colaboradora.
- d) Asinar o compromiso de titorización das prácticas (Modelo recollido no anexo II deste documento).
- e) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudiantado como consecuencia da súa actividade de titorización.

9. O titor na entidade colaboradora.

A persoa designada como titora pola entidade colaboradora deberá ser unha persoa vinculada a mesma, con experiencia profesional e cos coñecementos necesarios para realizar unha tutela efectiva.

10. Dereitos do titor da entidade colaboradora.

- b) A ser informado acerca da normativa que regula as prácticas externas.
- c) A ter acceso á Universidade para obter a información e o apoio necesarios par o cumprimento dos fins propios da súa función.
- d) A aquelas outras consideracións específicas que a Universidade poida establecer.

11. Deberes do titor da entidade colaboradora.

- a) Acolloer ao estudantado e organizar as actividades que desenvolverá.
- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
- c) Informar ao estudantado da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d) Emitir o informe final sobre as actividades desenvolvidas polo alumnado.
- e) Proporcionar ao estudantado os medios materiais indispensables para o desenvolvemento da práctica.
- f) Facilitar á persoa titora académica da Universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
- d) Asinar o compromiso de titorización das prácticas (Modelo recollido no anexo deste documento)
- g) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudantado como consecuencia da súa actividade de titorización.

12. Dereitos do estudantado en prácticas.

Durante a realización das prácticas académicas externas, o estudantado terá os seguintes dereitos:

- a) Á tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por un membro do profesorado da Universidade e por un/ unha profesional que preste servizos na entidade colaboradora onde se realice esta.
- b) Á avaliación de acordo cos criterios establecidos pola Universidade.
- c) Á obtención dun informe por parte da entidade colaboradora onde realizou as prácticas, con mención expresa da actividade desenvolvida, a súa duración e, se é o caso, o seu rendemento.
- d) A percibir, nos casos en que así se estipule, a achega económica da entidade colaboradora, en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.
- f) A recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.

h) A dispoñer dos recursos necesarios para o acceso do estudiantado con minusvalidez á tutela, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.

i) A conciliar, no caso do estudiantado con minusvalidez, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de minusvalidez.

13. Deberes do estudiantado en prácticas.

a) Cumprir a normativa vixente relativa a prácticas externas establecida pola Universidade.

b) Coñecer e cumprir o traballo que realizará nas prácticas seguindo as indicacións da persoa titora asignada pola entidade colaboradora baixo a supervisión do titor ou titora académica da Universidade.

c) Asinar o compromiso de titorización das prácticas (Modelo recollido no anexo II deste documento).

d) Manter contacto co titor/a académico da Universidade durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida xurdir neste, así como facerlle entrega da memoria final de prácticas.

e) Incorporarse á entidade colaboradora na data acordada, cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais desta.

f) Desenvolver o plan de traballo e cumprir con dilixencia as actividades acordadas coa entidade colaboradora.

g) Gardar confidencialidade en relación coa información interna da entidade colaboradora e gardar segredo profesional sobre as súas actividades, durante a súa estancia e finalizada esta.

h) Mostrar, en todo momento, unha actitude respectuosa cara á política da entidade colaboradora, salvagardando o bo nome da Universidade á que pertence.

Artigo 3. PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE PRÁCTICAS.

1. O alumnado interesado en realizar as prácticas deberá presentar, a seguinte documentación:

a) Folla de solicitude. Dispoñible na conserxería e na web do centro. Deberase indicar por orde de preferencia un máximo de 4 prazas, de entre as ofertadas no anexo I deste documento. A hora de facer a elección haberá que ter en conta que as empresas ou institucións solicitadas

deberán traballar en campos relacionados coa titulación ou especialidade que estea a cursar o/a aspirante.

b) Fotocopia do DNI.

c) Expediente de cualificacións, COA CUALIFICACIÓN MEDIA, expedido na UXA (gratuíto a petición do alumno).

d) Copia dos documentos xustificativos dos méritos alegados polo alumnado e que desexen facer constar en relación co perfil das prazas por eles seleccionadas.

2. Prazo e lugar de presentación das solicitudes.

a) A data límite de entrega de solicitudes correspondente a cada convocatoria será fixado pola dirección do centro en colaboración coas distintas comisións de título.

b) A presentación dos modelos de solicitude para a presente convocatoria farase na secretaría da EPS ou na Conserxería no horario de atención o público.

Artigo 4. ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

1. A selección farase tendo en conta os seguintes criterios:

a) Idoneidade de cada aspirante (Titulación e especialidade que estea cursando) segundo o campo de traballo da entidade colaboradora.

b) Expediente académico

c) Méritos alegados.

d) No caso de que o convenio firmado cunha entidade colaboradora fose a petición de un alumno ou alumna, previo contacto deste coa empresa, terá prioridade sobre o resto para solicitar praza.

2. No proceso de selección garantíranse os principios de igualdade, obxectividade e mérito do alumnado aspirante.

3. No prazo de dez días naturais despois de ter finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicaranse no taboleiro da EPS as listas dos candidatos e candidatas admitidos (e de ser o caso de excluídos) para a realización das prácticas externas.

4. Contra a lista provisoria do alumnado aspirante poderán interpoñerse reclamacións no prazo de tres días hábiles, que serán resoltas no mesmo prazo polo mesmo órgano convocatorio. De existir modificacións publicarase unha nova lista de alumnado admitido.

5. Conxuntamente a estas listas citarase ao alumnado seleccionado para que se presente na Secretaría da EPS no día (s) indicado (s). Esta cita ten como fin a confirmación por parte do estudiantado da súa disposición a realizar as prácticas na entidade colaboradora seleccionada.

6. O alumnado que, sendo seleccionado, non se presente na secretaría do centro no prazo estipulado perderá automaticamente o dereito á súa praza de prácticas .

7. Unha vez rematado o proceso de selección e aceptación por parte do alumnado, farase pública a lista definitiva de seleccionados especificando as entidades colaboradoras que acollerán ao alumnado en prácticas. Esta lista farase pública no taboleiro da EPS. De ser o caso tamén se fará pública a lista de agarda correspondente.

8. No momento da publicación da lista definitiva indicaranse tamén os trámites para a realización efectiva das prácticas, así como o prazo de renuncia e as consecuencias de realizala con posterioridade a esa data.

9. Unha vez seleccionado, o alumnado deberá formalizar a matrícula e asinar o compromiso de prácticas (documento recollido no Anexo II desta convocatoria) .

10. Lugar e notificación dos asuntos derivados da presente normativa.

De conformidade co artigo 60.5 da lei 30/1992, do 26 de novembro, o taboleiro de anuncios no que se publicarán todos os aspectos relacionados con esta normativa sito no Edificio Administrativo da Escola Politécnica Superior de Lugo, así como na páxina web do centro, sen prexuízo da súa publicación mediante outros medios.

Artigo 5. REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS.

1. Requisitos do alumnado para realizar as prácticas.

a) Estar matriculado nalgunha das titulación da EPS.

b) Contar coa conformidade dunha entidade colaboradora, coa que a EPS teña asinado convenio de colaboración, para a realización das prácticas.

c) Ter asignado un titor na entidade colaboradora.

d) Ter un Titor académico na EPS.

e) Cumprir cos requirimentos de réxime xeral especificados nos distintos plans de estudos para o desenvolvemento das prácticas

2. Formalización da matrícula.

O alumnado seleccionado deberá formalizar a oportuna matrícula na Unidade de Xestión Académica (UXA) e liquidar os prezos públicos que lle correspondan no prazo de matrícula que se fixe e que se publicará no taboleiro de anuncios da EPS.

A falta de matrícula ao inicio das prácticas impedirá o desenvolvemento das mesmas e a súa imputación ou recoñecemento no expediente do ou da estudante dos créditos por equivalencia.

3. Renuncia

O alumnado que, unha vez sendo seleccionado para a realización da práctica, desexe renunciar, deberá presentar na secretaría da EPS, un escrito de renuncia á praza asignada, debidamente xustificado.

4. Relación do estudiantado coa entidade colaboradora.

A vinculación do estudiantado en prácticas coas entidades colaboradoras non terá en ningún caso carácter laboral nin a consideración de contrato en prácticas, aprendizaxe, tempo parcial ou calquera outra modalidade existente.

As actividades a realizar estarán sempre orientadas a unha aprendizaxe práctica tutelada dende a entidade colaboradora.

A entidade colaboradora non poderá cubrir co alumnado en prácticas ningún posto de traballo, ni sequera con carácter eventual ou interino.

5. Compensación económica.

As entidades colaboradoras poderán, se o estiman oportuno, compensar economicamente ao alumnado en prácticas. A entidade colaboradora será a encargada de facer efectiva a cantidade por eles ofertada ao alumnado en prácticas segundo a modalidade de pago que estime axeitada.

6. Relación do estudiantado e entidades colaboradoras coa Escola Politécnica Superior.

A Escola, a traveso da secretaria e da subdirección de prácticas atenderá as dúbidas e problemas formulados, tanto polo alumnado como polas entidades colaboradoras, durante o período que duren as prácticas.

A Escola Politécnica Superior facilitará, a petición do alumnado ou da entidade colaboradora, toda aquela información adicional á presentada na convocatoria sobre o convenio asinado entre a Universidade de Santiago de Compostela e a entidade colaboradora.

Artigo 6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS

1. As prácticas rematarán cando o/a estudante complete a totalidade dos créditos que figuran no plano de estudos no que estea matriculado, tendo en conta que cada crédito equivale a 25 horas de traballo na entidade colaboradora.

2. A encargada do seguimento das prácticas será a persoa titora nomeada polas comisións de título.

3. Unha vez rematadas as prácticas a persoa titora na entidade colaboradora deberá cubrir o informe final de avaliación e remitirlllo ao titor académico.

4. Unha vez rematadas as prácticas o alumnado terá que presentar unha memoria de prácticas que constará dos seguintes apartados:

a) Datos persoais do ou da estudante.

b) Datos da entidade colaboradora.

c) Descrición dos traballos desenvolvidos.

d) Competencias adquiridas .

e) Relación, de ser o caso, de problemas acontecidos durante as prácticas e procedementos seguidos para a súa resolución.

f) Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.

g) A non entrega da documentación especificada no prazo dun mes a contar dende o remate das prácticas fará que a cualificación sexa suspenso.

5. O titor académico cualificará a memoria de prácticas.

6. A cualificación das prácticas será a obtida entre a nota outorgada pola persoa titora da entidade colaboradora e a nota outorgada pola persoa titora académica. Na cualificación final a nota outorgada pola titoración na empresa contará o 70% e a nota outorgada pola titoración académica o 30%.

7. A cualificación das prácticas puntuarase entre 0 e 10, igual que o resto das materias que conforman o plan de estudos.

8. A persoa titora académica comunicará a cualificación á coordinación das prácticas quen se encargará de cubrir e asinar a acta.

9. A Secretaría Xeral establecerá as oportunas instrucións en materia de actas así como para a resolución das incidencias detectadas. O réxime de entrega, conservación e custodia será o xeral da USC.

10. Recoñecemento de créditos

No expediente académico reflectiranse os créditos recoñecidos e a avaliación recibida. A imputación das prácticas realizadas terá lugar no curso académico no que se realizou a matrícula, e na convocatoria que coincida co período de finalización das mesmas.

Artigo 7. MARCO XURÍDICO DA CONVOCATORIA

Os aspectos non contemplados na presente resolución rexeranse polo R.D. 1497/81, de 19 de xuño, actualizado polo R.D. 1845/94, de 9 de setembro, sobre Programas de Cooperación Educativa.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do

contencioso - administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a súa recepción , de conformidade cos artigos 46 e 8.2a da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de Xullo. Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso - administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e ss. da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/199, do 13 de xaneiro.

Disposición adicional primeira. Referencias xenéricas.

Todas as referencias a cargos, postos ou persoas para os que nesta convocatoria emprégase a forma de masculino xenérico deben entenderse aplicables, indistintamente, a mulleres e homes.

Lugo a de 19 de novembro de 2013

O Director da Escola Politécnica Superior de Lugo

Asdo: Javier Bueno Lema

Anexo I: Listado de entidades colaboradoras que teñen asinado convenio de colaboración coa EPS (dispoñible tamén na Web do centro).

Anexo II. Modelo de compromiso de prácticas a asinar polo alumnado, o titor na entidade colaboradora e o titor académico:

O alumno/a da Escola Politécnica Superior de Lugo _____, co NIF _____ e matriculado/a de prácticas externas no curso académico _____, comprométese a realizar a totalidade das horas das que está matriculado (número de horas: _____), así como a cumprir co horario e as tarefas previamente acordadas coa entidade colaboradora (nome da entidade: _____) a través do seu titor/a na entidade (nome do titor: _____) e do seu titor/a académico (nome do titor/a académico: _____).

Calquera cambio que o alumno queira facer unha vez iniciadas as prácticas debe ser comunicado o seu titor académico e aceptado pola entidade colaboradora.

O incumprimento do traballo por parte do alumno deberá ser comunicado polo titor na entidade colaboradora ao seu titor na Escola Politécnica Superior.

Os que abaixo asinan declaran a súa conformidade para realizar as prácticas externas, baixo a normativa que rexe estas prácticas e ao amparo do convenio tramitado entre a Escola Politécnica Superior da Universidade de Santiago de Compostela e a citada entidade colaboradora.

Lugo, _____ de _____ de 20.....

Titor da Escola Politécnica Superior de Lugo	Titor da Empresa colaboradora	Alumno da EPS
<u>Nome e sinatura:</u>	<u>Nome e sinatura:</u>	<u>Nome e sinatura:</u>